BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## MEIS

### Ordenanzas e Regulamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIA DE PLANTACIÓNS DO CONCELLO DE MEIS*

*ANUNCIO APROBACIÓN DEFINITIVA*

O Pleno do Concello de Meis, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de "Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da xestión da biomasa e distancia de plantacións do Concello de Meis".

Transcorrido o prazo de exposición ao público (BOP nº 119 de 24 de xuño de 2021) ,sen presentación de reclamacións, procédese a publicar o texto da ordenanza co seguinte tenor literal:

**ORDENANZA REGULADORA DA XESTIÓN DA BIOMASA E DISTANCIA DE PLANTACIONS DO CONCELLO DE MEIS**

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polo artigo 4.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora do réxime local e polo artigo 6.1 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Meis, por medio da presente Ordenanza proponse a regulación das distancias das plantacións arbóreas e arbustivas o do seu crecemento espontáneo respecto das edificacións; e mesmo do subarbustivo nos solos cualificados como urbanos, ou de núcleo rural e urbanizable delimitado no ameto das súas competencias con motivo de garantir a seguridade, salubridade e ornato das parcelas e para previr e evitar os incendios e a súa propagación incontrolada, protexendo dos mesmos as edificacións e as infraestruturas e equipamentos sociais.

*CAPITULO I: Disposición Xerais*

*Artigo 1.- FUNDAMENTO*

De conformidade co establecido no artigo 15.1.b) do Real Decreto lexislativo 7/1205 de 30 de outubro polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana en relación co disposto na lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016 de 10 de febreiro) e do seu regulamento de desenrolo contido no Decreto 143/2016 do 22 de setembro, os propietarios de terreos teñen a obriga de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, ademais de ter o deber de conservar e manter o solo natural e a masa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Asemade esta ordenanza resulta de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012 de 28 de xuño de Montes de Galicia; e da Lei 3/2007 de 9 de abril de Preve4nción e Defensa contra os incendios forestais de Galicia.

*Artigo 2.- FINALIDADE*

Esta Ordenanza, que ten natureza de Ordenanza non fiscal, ten por finalidade establecer as condicións para executar a limpeza, fixacións das distancias para plantacións e xestión integral da biomasa nos terreos clasificados coma urbanos, de núcleo rural (incluíndo as súas áreas de expansión) e urbanizables no termo municipal de Meis.

*Artigo 3.- AMBITO DE APLICACIÓN*

A presente Ordenanza é de obrigado cumprimento para as persoas, físicas e xurídicas conforme ao definido no artigo 4, que teñan os seus terreos ou parcelas e solares dentro do termo municipal de Meis, nos solos definidos no artigo anterior.

*Artigo 4.- PERSOAS RESPONSABLES*

1. Os efectos da presente Ordenanza, enténdese coma persoas responsables as persoas titulares dos terreos ou parcelas sitas nos solos de aplicación da presente Ordenanza ou, no seu caso, ós titulares dun dereito de aproveitamento sobre os terreos situados en núcleo urbano, solo de núcleo rural(incluíndo as súas áreas de expansión) ou solo urbanizable; así coma as administracións, as entidades ou sociedades que teñan encomendada as competencias sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das formas previstas legalmente, das vías de comunicación.

2. Cando os interesados sexan descoñecidos ou se ignore o lugar de notificación, a notificación farase directamente no BOE outorgando o mesmo prazo de 15 días hábiles recollido no artigo 14 da presente Ordenanza. Transcorrido este prazo dende o concello ditarase unha orde de execución subsidiaria que se publicará no BOE e procederase a executar as labores de xestión da biomasa por parte do concello.

3. No caso de que intentada a notificación as persoas que aparezan coma responsables segundo o primeiro parágrafo deste artigo, a mesma non se puidese practicar, realizarase unha publicación no BOE e se continuará a tramitación conforme o artigo 14 da presente Ordenanza, publicando tódalas notificacións que non se poidan efectuar.

*Artigo 5.- DEFINICIONS*

1. Os efectos da presente Ordenanza, terán a consideración de Solo urbano; Solo de Núcleo Rural (incluíndo as súas áreas de expansión) ou Solo urbanizable: os terreos que a normativa urbanística municipal así os houbese definido e houbese clasificado consonte a norma autonómica urbanística de aplicación

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

2. Xestión da Biomasa: Enténdese por xestión da biomasa a creación e mantemento da descontinuidade horizontal e vertical da carga combustible a través do control e eliminación parcial ou total da biomasa vexetal empregando as técnicas máis axeitadas en cada caso e coa intensidade e frecuencia que sexa necesario para o efectivo cumprimento do disposto nesta ordenanza.

3. Repoboación forestal: Introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Inclúe a forestación ou reforestación.

A forestación é a repoboación, mediante semente ou plantación, dun terreo que estaba dedicado a outros usos non forestais.

A reforestación refirese a reintrodución de especies forestais, por medio de semente ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente e que na actualidade quedaron rasos por mor de cortas, incendios, pragas, vendavais ou calquera outro motivo.

4. Pendellos: Edificacións destinadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais; ou os destinados á garda de vehículos a motor cando non estean adosados a unha edificación con uso residencial ou formen parte dela.

## *CAPITULO II: da Xestión da Biomasa*

### *Artigo 6.- XESTIÓN DA BIOMASA*

As persoas responsables de conformidade co artigo 4 da presente Ordenanza terán a obriga de xestionar a biomasa das fincas, parcelas ou solares incluídas en solo urbano, solo de núcleo rural (incluíndo as súas áreas de expansión) ou solo urbanizable; así como mantelos en condicións de seguridade, salubridade, ornato público e aqueloutras que eviten a propagación dos incendios, antes do 31 de maio de cada ano; debendo manter as parcelas coa biomasa xestionada de conformidade con este Capítulo II durante todo o período estival.

### *Artigo 7.- DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS*

1. Dentro das categorías de solo obxecto da presente ordenanza se permitirá a plantación de especies froiteiras, así como das frondosas caducifolias e outras árbores recollidas no ANEXO I da presente Ordenanza sempre que as distancias entre os pés plantados sexa de, polo menos, 10 metros e se cumpran as distancias establecidas nos apartados seguintes do presente artigo.

2. As distancias os paramentos das edificacións con uso residencial deberá ser de, polo menos, 20 metros. A distancia os paramentos doutras edificacións que non teñan uso residencial, como pendellos, galiñeiros, etc, será de 5 metros. Estas distancias serán medidas dende os pés das árbores ós paramentos exteriores das diferentes edificacións.

3. Ademais a distancia ao linde das parcelas colindantes debe ser de, como mínimo 2 metros medidos dende os pés das árbores ata o peche colindante.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

4. As ramas das árbores permitidas non poderán achegarse a menos de 15 metros das edificacións con uso residencial existentes na contorna nin a menos de 2 metros das demais edificacións que non teñan uso residencial. Estas distancias mediranse dende as ramas máis próximas ata o paramento exterior de dita edificación.

5. Excepcionalmente poderán permitirse, a distancia inferior da regulada respecto dos paramentos das edificacións, aquelas especies recollidas no ANEXO I da presente Ordenanza cando se traten de pes illados que non supoñan una carga forestal horizontal nin aumenten o risco de incendios, en todo caso, estas árbores illadas non poderán superar o número de tres e deberán manterse podadas coas súas copa tanxentes.

6. As distancias reguladas neste artigo non serán de aplicación en parques e xardíns municipais, nin a árbores singulares ou aqueloutras que cumpran funcións ornamentais ou a aqueles que se atopen illados, sempre que non se atopen no ANEXO II da presente Ordenanza, e non supoñen un mínimo risco para a propagación de incendios descontrolados.

7. En todo caso, os pés das árbores permitidas deberán manter unha distancia mínima de 2 metros respecto do dominio público viario ou das conducións municipais de abastecemento de augas ou da redes municipais de evacuación de residuais, sen que as ramas poidan invadir o seu voo.

*Artigo 8.- PROHIBICIÓN DE REPOBOACIÓNS.*

1. Quedan prohibidas as repoboacións forestais nos solos obxecto da presente Ordenanza das especies recollidas no Anexo II da presente Ordenanza.

2. Quedan prohibidas as repoboacións forestais de calquera especie nas distancias establecidas no artigo 7 da presente Ordenanza.

3. Quedan prohibidas as repoboacións arbustivas de calquera especie nas distancias establecidas no artigo 9 da presente Ordenanza.

*Artigo 9.- DISTANCIAS DAS PLANTACIÓNS ARBUSTIVAS AOS ELEMENTOS PUBLICOS*

Este artigo regula as distancias que deberán observar os elementos arbustivos a viais públicos (incluídos camiños e pistas), fronte ós que deberán respectar unha distancia de 5 metros medidos dende o eixo do vial público e 2 metros medidos dende o borde dos ditos viais.

Asemade en canto a conducións municipais de auga ou a redes de evacuación de residuais (saneamento) os arbustos deberán manter unha distancia mínima de 5 metros.

Respecto dos elementos construtivos accesorios e vinculados tanto ás conducións municipais da auga, coma depósitos etc; coma os vinculados á rede de evacuación de residuais, como as EDARES etc, que se atopen nos solos obxecto da presente Ordenanza, as distancias que deberán observar os elementos arbustivos será de, como mínimo, 5 metros.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

*Artigo 10.- ESTRATO HERBÁCEO E ARBUSTIVO*

Nos terreos obxecto da presente Ordenanza deberá procederse á roza e eliminación do estrato herbáceo e arbustivo (incluíndo xestas, silvas ou zarzas, breixos, codesos, carqueixas, toxos, etc) sempre que supoña un risco para a propagación dos incendios incontrolados de vexetación.

*Artigo 11.- PECHES ARBUSTIVOS*

1. Os cerramentos de parcelas poden ir extradorsados ou directamente construídos con sebes vivas ou uz, na súa totalidade ou parcialmente; para o que se empregará calquera das especies convencionalmente utilizadas para estes menesteres. Estes arbustos plantaranse a unha distancia mínima de medio metro (0,50 m) do lindeiro.

2. A persoa titular da parcela na que se planten a sebe ou uz, ten a obriga, a súa costa e cunha periodicidade polo menos anual, de podala na súa totalidade e deixala á mesma altura que o peche da parcela, esta altura será a establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Meis.

Esta altura máxima permitida será medida dende a rasante interior da parcela.

3. A sebe, uz ou plantación deberá manterse sempre podada en horizontal para que non invada nin a vía pública nin a parcela veciña lindeira.

*Artigo 12.- PERMISOS DE CORTAS. DECLARACIÓN RESPONSABLE*

1. Para proceder a executar a corta das especies que incumpran a presente ordenanza, ben sexa por estar prohibidas ou ben por non respectar as distancias establecidas deberá presentarse polos interesados ou os seus representantes, unha Declaración Responsable segundo o modelo recollido no ANEXO III da presente ordenanza, axuntando os documentos que nela se especifican.

2. As persoas responsables segundo a definición recollida no artigo 4 da Ordenanza ou as empresas madeireiras que estes contraten para executar as cortas deberán, ben dispoñer dun seguro de responsabilidade civil, que cubra os posibles accidentes laborais así coma os posibles danos que se poidan producir nos viais públicos ou noutro tipo de bens sobre dos que a administración local teña competencia ou ben sexa titular.

No caso de que non dispoñan de tal seguro de responsabilidade civil, ou este no cubra os posibles danos que se poidan irrogar ó dominio público municipal, os particulares ou os madeireiros contratados deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario a favor do Concello co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente. Para os efectos desta fianza (que deberá ser acreditada coa presentación da declaración responsable) establécense as seguintes contías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 euros
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 euros
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 euros
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 euros

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

3. As persoas responsables segundo a definición recollida no artigo 4 da Ordenanza ou as empresas madeireiras que estes contraten para executar as cortas deberán limpar os residuos e restos da corta de madeira de xeito que as pistas, camiños e espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes da operación de corta e saca de madeira. Esta obriga de manter os espazos públicos limpos deberá realizarse tódolos días ao final da xornada.

Así mesmo, as persoas referidas no parágrafo precedente están obrigados a sinalar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira, conforme a normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

4. As persoas responsables segundo a definición recollida no artigo 4 da Ordenanza ou as empresas madeireiras que estes contraten para executar as cortas e que consten identificadas na declaración responsable presentada no Concello, deberán derrubar ou retirar repoñendo ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou monte, co obxecto de que, se chove, a auga e a terra arrastradas non inunden ou causen danos nas pistas, estradas ou camiños municipais nin nas parcelas colindantes.

*Artigo 13.- PERMISOS QUEIMAS. SOLICITUDE*

1. Para proceder á queima tanto de restos agrícolas coma de restos forestais nos solos obxecto da presente Ordenanza, deberá presentarse polos interesados ou os seus representantes, unha Solicitude segundo o modelo recollido no ANEXO IV da presente ordenanza.

2. A solicitude deberá presentarse polo menos cinco días hábiles antes da realización da queima, e unha vez concedida a autorización terá validez por un prazo de 15 días.

As queimas estarán prohibidas con carácter xeral entre os días 15 de xullo e o 30 de setembro.

3. Antes de realizar unha queima de restos agrícolas ou forestais deberán observarse estritamente as medidas de prevención que se expoñen a continuación:

1.—A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará totalmente extinguida dúas horas antes do momento da súa posta.

2.—Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

3.—Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.

4.—Non se abandonará a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

5.—Os servizos competentes municipais poderán suspender temporalmente a realización das queima, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan, consultando o IRDI publicado pola Xunta de Galicia.

6.—A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando concorra neglixencia ou imprudencia.

7.—En toda queima deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e saúde do persoal que as leva a cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.

4. O solicitante se compromete a comprobar o IRDI publicado pola Xunta de Galicia antes de realizar a queima, non pudendo realizala cando este Índice sexa alto, moi alto ou extremo.

*CAPITULO III: Procedemento administrativo*

*Artigo 14.- PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO*

1. Cando as persoas responsables non realizasen os traballos de xestión da biomasa conforme ó establecido no capítulo II da presente Ordenanza antes do 31 de maio de cada ano, o concello, de oficio ou a instancia de parte, remitiralle á persoa responsable a notificación dunha resolución da alcaldía no que se lle outorgará un prazo de 15 días hábiles a fin de que a persoa responsable execute as labores de xestión da biomasa segundo o establecido na presente Ordenanza.

Na notificación que se efectúe advertiráselle ó interesado responsable da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador que corresponda así coma da aplicación de multas coercitivas no seu caso.

Nesa notificación outorgaráselle ó responsable un prazo de 10 días a fin de que o interesado poida alegar o que estime oportuno e o seu dereito conveña, pudendo aportar a documentación que estime necesaria para a defensa dos seus dereitos.

2. Unha vez transcorrido o prazo concedido sen que o interesado efectuase os traballos os que ven obrigado, dende o concello efectuarase unha visita de inspección trala cal o concello poderá incoar un expediente sancionador, paralelo o cal se lle incoará un expediente para a imposición de multa coercitiva segundo a lexislación de aplicación.

3. No caso de que o perigo de incendio sexa alto e real, con posibilidade de afectación dalgunha edificación con uso de vivenda, o concello poderá executar subsidiariamente as labores de xestión da biomasa. Os costes derivados destes traballos serán repercutidos ás persoas responsables, pudendo ser exixidos polo procedemento de apremio e, incluso compensados polos ingresos que se poidan obter da xestión da biomasa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

No caso de execución subsidiaria, as persoas responsables están obrigadas a facilitar o acceso necesario o concello ou as persoas contratadas polo mesmo, para a realización dos traballos, que non requirirán de autorización algunha.

*CAPITULO IV: Réxime sancionador*

*Artigo 15.- COMPETENCIA SANCIONADORA*

1. Correspóndelle ó alcalde-presidente da corporación municipal a inspección das parcelas e a incoación e resolución dos expedientes sancionadores tramitados polos incumprimentos da presente Ordenanza.

2. A tramitación do procedemento administrativo sancionador seguirase conforme os artigos de aplicación da Lei 39/2015 de 1 de outubro ou norma que en cada momento a substitúa.

3. Deberase observar a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora que se encomendará a órganos distintos.

4 De detectarse infraccións que puidesen ter relevancia penal ou competencia doutras administracións darase conta inmediata daquelas á autoridade ou organismo que corresponda.

*Artigo 16.- CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS*

1. Considéranse infraccións administrativas en relación coa Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido no seu articulado.

2. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

*Artigo 17.- INFRACCIÓNS LEVES*

a) Non proceder á xestión da biomasa dos terreos unha vez notificado o seu deber e transcorrido o prazo establecido na resolución notificada.

b) Non cumprir as ordes concretas ditadas polo concello na aplicación da presente Ordenanza.

c) Non manter os peches vexetais, entendendo por peches os definidos coma tales na presente Ordenanza, no estado regulado no artigo 11 da presente Ordenanza.

d) Calquera outro incumprimento da presente Ordenanza que non estea clasificado coma infracción grave ou moi grave.

*Artigo 18.- INFRACCIÓNS GRAVES*

a) Non permitir o acceso ó persoal de vixilancia parta a inspección dos terreos obxecto da presente Ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

b) A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes municipais no cumprimento das súas funcións.

c) A realización de repoboacións forestais nos terreos de aplicación da ordenanza con especies prohibidas.

d) A realización de repoboacións forestais nos lugares expresamente prohibidos, ou a menor distancia da permitida nesta Ordenanza.

e) Enganar á administración local na definición do volume de corta, mentindo na súa contía.

f) A vulneración dos apartados 3 e 4 do artigo 12 da presente Ordenanza.

g) Na realización de queimas, non cumprir coas medidas de prevención establecidas no artigo 13.2 da presente Ordenanza, sen prexuízo das responsabilidades penais que puideran xurdir.

h) A realización de queimas nos solos incluídos na presente Ordenanza sen haber presentado a Declaración responsable do ANEXO IV da presente Ordenanza.

i) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión, no termo dun ano, de mais dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

*Artigo 19.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES*

a) Cando a acción ou omisión da persoa responsable tivese graves repercusións nos recursos naturais.

b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión, no termo dun ano, de mais dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa

c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios ou axentes municipais que se atopen exercendo as súas funcións.

*Artigo 20.- SANCIÓNS*

1. As sancións a aplicar serán as seguintes:

a) Por infraccións leves. Multa de 150 a 600 euros.

b) Por infraccións graves. Multa de 601 a 1.500 euros.

c) Por infraccións moi graves. Multa de 1.501 a 3.000 euros.

2. As sancións que se impoñan deberán prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

3. As sancións que se impoñan deberán observar a debida idoneidade e necesidade da sanción a impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

a) O grado de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.

b) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.

c) A natureza dos prexuízos causados.

d) A reincidencia, por comisión no termino dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando houbera sido declarada por resolución firme en vía administrativa.

*Artigo 21.- PRESCRIPCIÓNS DAS INFRACCIONS E DAS SANCIONS*

1. As infraccións moi graves prescribirán ós tres anos. As graves ós dous anos. As leves ós seis meses.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán ós tres anos, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas leves o ano.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se houbese cometido. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr dende que finalizou a conducta infractora.

Interrompera a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora, reiniciándose o cómputo do prazo de prescrición si o expediente sancionador estivera paralizado durante más dun mes por causa non imputable o presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrera o prazo para recorrela.

Interrompera a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo si aquel está paralizado durante mais dun mes por causa non imputable ó infractor.

5. En el caso de desestimación presunta do recurso de alzada interposto contra a resolución pola que se impón a sanción, o prazo de prescrición da sanción comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo legalmente previsto para a resolución do dito recurso.

*DISPOSICION TRANSITORIA*

Os titulares de explotación forestais de pinos, acacias ou eucaliptos que se empracen nos solos obxecto da presente Ordenanza deberán proceder á súa tala e retirada dende a entrada en vigor da presente Ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

As árbores incluídas no ANEXO I da presente Ordenanza que se atopen a unha distancia inferior á regulada no artigo 7 da presente Ordenanza disporán dun prazo ata o 31 de maio para adaptarse á presente Ordenanza.

*DISPOSISICÓN DERROGATORIA*

Quedan derrogadas cantas disposición municipais contraveñan o regulado na presente ordenanza

*DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

A ALCALDESA,

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

**ANEXO I. Arbores Permitidas.**

**I. Recollidas no Anexo I da Lei de Montes de Galicia 7/2012 de 28 de xuño**

Aliso: *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

Arce: *Acer pseudoplatanus* L.

Abedul: *Betula sp*.

Fresno: *Fraxinus excelsior* L.

Fresno de hoja estrecha: *Fraxinus angustifolia* Vahl.

Castaño: *Castanea sativa* Mill.

Castaño híbrido: *Castanea x híbrida* (resistente tinta).

Cerezo: *Prunus aviun* L.

Roble: *Quercus robur* L.

Rebollo: *Quercus pyrenaica* Will.

Alcornoque: *Quercus suber* L.

Roble albar: *Quercus petraea* (Matts) Liebl.

Encina: *Quercus ilex* L. *ssp. ballota* (Desf.) Samp. *Quercus rotundifolia* Lam.

Avellano: *Corylus avellana* L.

Haya: *Fagus sylvatica* L.

Olmo: *Ulmus glabra* Huds. *Ulmus minor* Miller.

Laurel: *Laurus nobilis* L.

Mostajo: *Sorbus aria* L.

Serbal de los cazadores: *Sorbus aucuparia* L.

Nogal: *Juglans regia* L.

Madroño: *Arbutus unedo* L.

Tejo: *Taxus baccata* L.

**II. Outras árbores permitidas**

Árboles frutáis con carácter xeral.

*Camellia*: Camelia (toda as especies)

*Rhododendron*: Rododendro.

*Rhododendron subg. Pentanthera*: Azalea

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

**ANEXO II Arbores prohibidas; recollidas na Disposición Adicional Terceira da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**

*Pinus pinaster.* Pino gallego. Pino del país.
*Pinus sylvestris.* Pino silvestre.
*Pinus radiata.* Pino de Monterrey.
*Pseudotsuga menziesii.* Pino de Oregón.
*Acacia dealbata.* Mimosa.
*Acacia melanoxylum.* Acacia negra.
*Eucalyptus spp.* Eucalipto.
*Calluna vulgaris.* Brecina.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO III

### Declaración responsable de Corta

**DATOS DA PERSOA DECLARANTE:**

NOME/RAZÓN SOCIAL_____
DNI/CIF_____ENDEREZO_____
_____PARROQUIA_____
CONCELLO_____PROVINCIA_____C.P._____
TLF_____TLF MOVIL_____
CORREO ELECTRÓNICO_____

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN:**

NOME/RAZÓN SOCIAL_____
DNI/CIF_____ENDEREZO_____
_____PARROQUIA_____
CONCELLO_____PROVINCIA_____C.P._____
TLF_____TLF MOBIL_____
CORREO ELECTRÓNICO_____

**DATOS A EFECTOS DA NOTIFICACIÓN:**

**NOTIFÍQUESE A:** DECLARANTE ◯ REPRESENTANTE ◯
**MEDIO NOTIFICACIÓN:** PAPEL ◯ ELECTRÓNICA ◯

**DATOS DO COMPRADOR** (Cubrir só no caso de que sexa distinto do declarante)

NOME/RAZÓN SOCIAL_____
DNI/CIF_____TLF_____TLF MOBIL_____
CORREO ELECTRÓNICO_____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO III
(Continuación)

**DATOS DA PARCELA:**

**REFERENCIA CATASTRAL:** _____

**AFECTA A UNHA ZONA OBXECTO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA:**

◯ SI ◯ NO

**AFECTACION POR OTRAS ADMINISTRACIONS**

◯ AUGUAS DE GALICIA
◯ DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
◯ AGENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
◯ PATRIMONIO CULTURAL (XUNTA DE GALICIA)

**A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1º.- Que tódolos datos contidos nesta declaración e nos documentos adxuntos son certos.
2º.- Que coñece e se compromete a cumprir os requisitos exixidos tanto na presente Ordenanza municipal de aplicación, coma na demais normativa autonómica ou estatal que lle resulte de aplicación.
3º.- Que, de ser necesaria, dispón da documentación que acredita o cumprimento da presente Ordenanza no relativo a afección da parcela por outras administracións.
4º.- Que autorizo o tratamento dos meus datos coas finalidades previstas neste formulario.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA:**

◯ Acreditación da Representación
◯ DNI/CIF
◯ Consulta catastral descritiva e gráfica da parcela obxecto da corta

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO III
## (Continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:**

**Responsable do tratamento:** Concello de Meis, entidade á que se dirixe a presente Declaración Responsable.

**Finalidade do tratamento:** A tramitación administrativa que se derive da xestión do presente formulario e a actualización de datos e información contidos na carpeta cidadá.

**Lexitimación:** o cumprimento dunha tarefa en interese público ou exercicio de poderes públicos segundo a normativa. Consentimento das persoas interesadas no seu caso.

**Persoas destinatarias dos datos:** As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos.

**Exercicio dos dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**FIRMA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:**

D/Dª_____ DNI_____

En_____, _____de_____de 20_____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO IV

### Solicitude Permiso de QUEIMA

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

NOME/RAZÓN SOCIAL_____
DNI/CIF_____ENDEREZO_____
_____PARROQUIA_____
_____CONCELLO_____PROVINCIA_____C.P._____
TLF_____TLF MOBIL_____CORREO ELECTRÓNICO_____

**E NA SÚA REPRESENTACIÓN:**

NOME/RAZÓN SOCIAL_____
DNI/CIF_____ENDEREZO_____
_____PARROQUIA_____
CONCELLO_____PROVINCIA_____C.P._____
TLF_____TLF MOBIL_____
CORREO ELECTRÓNICO_____

**DATOS A EFECTOS DA NOTIFICACIÓN:**

**NOTIFÍQUESE A:** DECLARANTE ◯ REPRESENTANTE ◯
**MEDIO NOTIFICACIÓN:** PAPEL ◯ ELECTRÓNICA ◯

**DATA A PARTIR DA CAL PRETENDE EXECUTAR A QUEIMA:**

_____ de _____de 20_____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO IV
(Continuación)

**DATOS DA PARCELA:**

**REFERENCIA CATASTRAL:** _____

**AFECTA A UNHA ZONA OBXECTO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA:**

◯ SI ◯ NO

**AFECTACION POR OTRAS ADMINISTRACIONS**

◯ AUGUAS DE GALICIA
◯ DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
◯ AGENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
◯ PATRIMONIO CULTURAL (XUNTA DE GALICIA)

**A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1º.- Que tódolos datos contidos nesta declaración e nos documentos axuntos son certos.

2º.- Que coñece e se compromete a cumprir os requisitos exixidos tanto na presente Ordenanza municipal de aplicación, coma na demais normativa autonómica ou estatal que lle resulte de aplicación.

3º.- Que, de ser necesaria, dispón da documentación que acredita o cumprimento da presente Ordenanza no relativo a afección da parcela por outras administracións.

4º.- Que autorizo o tratamento dos meus datos coas finalidades previstas neste formulario.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA:**

◯ Acreditación da Representación
◯ DNI/CIF
◯ Consulta catastral descritiva e gráfica da parcela obxecto da corta

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

**ANEXO IV**
**(Continuación)**

**O SOLICITANTE DECLARA TER COÑECEMENTO DAS SEGUINTES OBRIGAS:**

1º.- Ten a obriga, no mesmo día que vaia a realizar a queima, de consultar o IRDI publicado pola Xunta de Galicia para cada día, non pudendo realizar a queima se o Índice publicado pola Xunta para cada día é alto, moi alto ou extremo.

2º.- A queima non se iniciará antes de saír o sol e quedará totalmente extinguida dúas horas antes do momento da súa posta.

3º.- Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

4º.- Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Así mesmo, se iniciados os traballos se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.

5º.- Non poderá abandonar a vixilancia da zona queimada, ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

6º.- Os servizos competentes municipais poderán suspender temporalmente a realización das queima, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.

7º.- A comunicación de queima non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando concorra neglixencia ou imprudencia.

8º.- En toda queima deberase contar co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e saúde do persoal que as leva a cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.

9º.- Quedan prohibidas as queimas entre o 15 de xullo e o 30 de setembro da cada ano.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE

Xoves, 24 de febreiro de 2022
Núm. 38

## ANEXO IV
## (Continuación)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS:**

**Responsable do tratamento:** Concello de Meis, entidade á que se dirixe a presente Declaración Responsable.

**Finalidade do tratamento:** A tramitación administrativa que se derive da xestión do presente formulario e a actualización de datos e información contidos na carpeta cidadá.

**Lexitimación:** o cumprimento dunha tarefa en interese público ou exercicio de poderes públicos segundo a normativa. Consentimento das persoas interesadas no seu caso.

**Persoas destinatarias dos datos:** As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos.

**Exercicio dos dereitos:** As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**FIRMA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:**

D/Dª_____ DNI_____

En_____, _____de_____de 20_____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:9QRPC65DO9Y7BLRE